

**Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Rede de CIFP**

Modelo MD81PLA01

Proxecto Funcional do CIFP PASEO DAS PONTES

Período: 2021-25

Rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia

Elaborado polo equipo directivo do CIFP Paseo das Pontes, xaneiro de 2022

Aprobado polo Consello Social en _____

CIFP PASEO DAS PONTES

Rúa San Pedro de Mezonzo, 4 – 15004 A Coruña

cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal

web: www.edu.xunta.es/centros/cifppaseodaspontes

Índice

1	Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIEFP	3
2	Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIEFP	3
3	Sistema organizativo do CIEFP	3
4	Procedementos de xestión do CIEFP	3
5	Oferta integrada:	3
	5.1. Ensinanzas propias da formación profesional inicial	3
	5.2. Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras	3
	5.3. Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada	3
	5.4. Outras	4
6	Programacións das accións formativas existentes no CIEFP	4
7	Plan de orientación profesional	4
	7.1. Plan de acción tutorial.....	4
8	Proxecto lingüístico do CIEFP	4
9	Plan de autoprotección	4
10	Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso)	4
	10.1. Descrición da residencia: instalación, persoal, destinatarios, servizos ofrecidos, horario e uso de instalacións.....	4
	10.2. Réxime de funcionamento	4
	10.3. Réxime de convivencia....	5
	10.4. Programación de actividades	5
	10.5. Orzamento.....	5
	10.6. Plan de autoprotección ..	5
	10.7. Criterios e indicadores de avaliación da xestión da residencia	5
11	Dispoñibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIEFP	5
12	Dereitos e deberes do alumnado	5
13	Outros proxectos ou plans que o CIEFP pretende desenvolver	5

1 Descripción do ámbito económico, social e laboral do CIFP

1.1. Introducción

O noso centro nace como un instituto no ano 1999, tal e como se publicaba no DOG de 26 de xullo dese ano e no que se recollía a orde do 23 de xuño "pola que se autoriza a posta en funcionamento do Instituto de Educación Secundaria nº2 de A Coruña". Inicia o seu funcionamento con 22 unidades formativas, das que algo máis da metade (14) estaban dedicadas ao ensino post-obrigatorio.

Progresivamente foron incluíndose ensinanzas de formación profesional para dar resposta ás demandas dos sectores produtivos da cidade.

A proposta o Consello Escolar, en abril de 2000 o centro cambia de denominación e pasa a chamarse "IES Paseo das Pontes".

O Decreto 118/2011, d 16 de xuño, convertería o noso centro nun Centro Integrado de Formación Profesional, consolidándose a oferta das familias de Hostalería e Turismo, Industrias Alimentarias e Téxtil, Confección e Pel.

1.2. Ámbito xeográfico e socioeconómico

O CIFP Paseo das Pontes está situado dentro da Cidade da Coruña, entre a zona de confluencia da Avenida de Finisterre e a Ronda de Nelle. Trátase dunha zona de alta densidade poboacional e cunha gran diversidade económica e sociocultural, habendo unha gran porcentaxe de emigrantes asentados nesta zona.

Como capital de provincia A Coruña posúe un nivel significativo de infraestruturas de transporte de todo tipo (viario, ferroviario, portuario e aeroportuario). De feito, pódese definir a cidade da Coruña, en canto á súa posición xeográfica, como un final de recorrido e non como un punto de paso.

Un dos tres aeroportos galegos atópase a tan só 16 km do centro urbano. Os principais eixos da rede viaria conectan a cidade con outros puntos estratéxicos galegos a través de autoestradas e autovías: Ferrol, Santiago, e Lugo, a través dos que será posible acceder a outras cidades como Vigo e o eixo atlántico portugués ou ao enlace coa meseta e Madrid. Pero tamén hai conexión coas periferias metropolitanas a nivel viario e incluso con servizo público de autobús.

A Coruña conta tamén con estación de ferrocarril, a menos de 10 minutos a pé do noso centro; e cun servizo de autobuses urbanos que facilitan os desprazamentos dentro da cidade.

Tamén é salientable o tráfico marítimo, que a nivel turístico, que acadou o seu récord histórico en 2017 con 120 escalas e 185.000 pasaxeiros. Despois do parón que supuxo a crise pola pandemia do COVID-19 nestes últimos anos, espérase a repunta do sector e as previsións do Porto da Coruña para 2022 auguran incremento do 42% respecto a esas cifras.

É dicir, a cidade na que se atopa o noso centro contra cunha rede de transporte que facilita que estudantes de moi distinta procedencia podan acceder a ela por distintas vías e chegar ao noso centro de forma sinxela.

A cidade tamén presenta unha completa rede de infraestruturas a nivel social e cultural. Ademais de contar con universidade propia, dos numerosos centros educativos, 12 teñen ensinanzas de formación profesional. Igualmente, son numerosas as organizacións e asociacións de todo tipo e as ofertas de ocio e culturais dotan á cidade dunha programación estable.

Pero a influencia do CIFP Paseo da Pontes non é só local, senón que estende o ámbito provincial e incluso autonómico, ó ter familias profesionais escasamente implantadas noutros concellos. Incluso en familias como a téxtil, é habitual ter alumnado de comunidades limítrofes como a asturiana.

É por iso que na valoración de datos socioeconómicos nos fixemos non só nos do noso municipio, senón que teñamos en conta os valores de toda a provincia.

Poboación

Nas seguintes táboa recóllense os datos de poboación provinciais, galegos e municipais correspondentes ao ano 2020 segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE)

Coruña, A		Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro. Ano 2021			
A Coruña		Total	Homes	Mulleres	
Superficie 37,83 km ²		1.120.134	537.004	583.130	
SOCIEDADE E POBOACIÓN		15030 Coruña, A	245.468	113.806	131.662
Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	245.468	113.806	131.662	2021	INE
de 0 a 15 anos	31.982	16.242	15.740	2020	INE
de 16 a 64 anos	154.247	74.109	80.138	2020	INE
de 65 e máis anos	61.375	24.425	36.950	2020	INE
Poboación estranxeira	14.836	7.118	7.718	2020	INE
Idade media	46,56	44,34	48,47	2020	IGE

Como vemos, o 41,5% da poboación galega vive na provincia da Coruña, estando concentrada na cidade da Coruña ao redor do 22% dela. De feito, é o segundo municipio máis poboado da comunidade.

Se temos en conta a delimitación recollida no Atlas Estatístico das áreas urbanas de España, a da Coruña incluíría os seguintes municipios: A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada, Bergondo, Betanzos, Abegondo e Carral. Cinco deles inclúense dentro dos vinte máis poboados de Galicia, e o de Carballo, outros dos concellos con alto índice de poboación, situado no posto número trece, está a só 30 km da cidade da Coruña, o que nos dá unha idea da relevancia xeográfica do noso centro.

Volvendo ao concello da Coruña, algo máis da metade da súa poboación sitúase na franxa de idade que vai entre os 16 e 64 anos, se ben o saldo vexetativo segue a tendencia negativa galega, habendo máis falecementos que natalicios. Un de cada catro galegos teñen máis de 65 anos, e a expectativa é que de seguir a tendencia, no ano 2050 sexan un de cada tres. Este dato é relevante xa que marcará que moitos negocios se orienten a satisfacer as necesidades deste sector de público, no que xa pasou a denominarse *Silver Economy*.

Respecto aos movementos migratorios, a provincia presenta un saldo positivo, é dicir, recibe máis poboación da que sae fóra. No caso do Concello da Coruña, perde poboación en favor de concellos limítrofes, como o de Oleiros, o que pode explicarse por cuestións de acceso á vivenda, máis

económica fóra da cidade, e actuando moitas veces este de concellos como "dormitorios" das cidades limítrofes. O saldo migratorio exterior si é positivo no ano 2020, recibindo unhas 1.110 persoas que teñen orixe fora de Galicia.

Se falamos de países estranxeiros, a provincia da Coruña recibe o 38% da poboación emigrante. A metade deles proceden de países de América central e do sur (este último supón o 41% da poboación de orixe foránea). Un 13% son de orixe africana e un 6% asiática. Gran parte desta poboación elixirá as cidades para o seu asentamento, de aí que debamos fixarnos nas idades que teñen como potenciais usuarios do noso centro. A orixe é relevante en canto pode supoñer certas dificultades de integración ou no seguimento do ensino (problema co idioma, por exemplo).

PROCEDENCIA	DATOS	2020	FRANXA DE IDADE				
		TOTAL	15-19 anos	20-24 anos	25-29 anos	30-34 anos	35-39 anos
Europea	Galicia	38.558	1.521	2.233	3.071	4.097	4.116
	Coruña	12.443 32,27%	504	812	1.150	1.477	1.361
Africana	Galicia	14.931	758	1.100	1.500	1.905	2.201
	Coruña	5.552 37,18%	284	407	619	766	857
Asiática	Galicia	5.680	273	432	500	698	810
	Coruña	2.526 44,47%	131	266	256	343	317
América Central	Galicia	8.685	495	729	1.204	1.296	990
	Coruña	3.708 42,69%	195	304	523	548	413
América do Norte	Galicia	2.426	97	226	326	287	225
	Coruña	1.097 45,21%	33	115	140	127	108
América do Sur	Galicia	42.216	2.315	3.704	4.794	5.152	5.338
	Coruña	17.656 41,82%	914	1566	2.043	2.152	2.250

Como vemos na táboa, a maioría proceden de países do centro ou do sur de América, pero no tramo de 15 a 24 anos tamén hai unha cifra de emigrantes que proveñen de países europeos, e cada vez máis do continente africano e asiático, sendo estas dúas últimas as procedencias que poden ocasionar maiores dificultades a nivel lingüístico.

Ámbito socioeconómico e laboral

O Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de FP na comunidade autónoma de Galicia, define estes como institucións ao servizo da cidadanía e do sector produtivo, que deben contribuír á cualificación e re-cualificación das persoas, acomodándose ás súas expectativas profesionais.

O centro integrado pretende, así mesmo, atender ás necesidades de cualificación inmediatas e emerxentes do sector produtivo, ser un referente orientador para este e para o sector formativo da súa contorna, facilitar a integración das ofertas de formación profesional e rendibilizar os recursos humanos e materiais dispoñibles. Xa que logo, faise necesario analizar o sector socioeconómico, produtivo e laboral da contorna próxima para establecer ofertas formativas axeitadas e a adaptadas aos perfís profesionais que se demandan.

Para valorar o tamaño da economía galega, teremos que fixarnos nos datos do PIB. A primeira lectura é que este caeu logo de levar anos en ascenso, o que se explica pola crise económica provocada pola COVID_19 no ano 2020 e que supuxo unha contracción do PIB mundial do 4,3%¹.



En Galicia supuxo un descenso do 9,1% respecto ao ano anterior, menos que noutras comunidades autónomas ao ter un modelo produtivo menos exposto ao sector turístico. En cifras corresponderíase con 59.105 millóns de euros, situando a Galicia no posto número 6 no ranking español, tal e como se recolle no xornal Expansión².



Unha porcentaxe similar de caída se reflicte tamén na distribución da riqueza entre os cidadáns, cun PIB *per cápita* de 21.903 € (1.787 menos que a media española). A pesares da caída de renda, tamén descendeu o consumo dos fogares, co que se incrementou a súa taxa de aforro e ao mesmo tempo supuxo un efecto negativo sobre a actividade económica nese ano.

Con todo, resulta preocupante que o índice de persoas en risco de pobreza sexa do 22%, un punto por encima da media nacional.

Aínda que o 2020 acabou, en termos xerais con menos emprego e máis paro, o desemprego en Galicia non tivo un aumento demasiado significativo, en parte debido á caída da poboación activa e ao recurso dos ERTE polo que optaron moitas empresas³.



¹ A Economía Galega, informe 2020-21. Resume executivo. Meixide Vecino, Alberto (dir.). Edita Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), Centro de Investigacións ABANCA e Afundación Obra Social ABANCA

² <https://datosmacro.expansion.com/pib/espana-comunidades-autonomas/galicia>

³ A Economía Galega, informe 2020-21. Resume executivo. Meixide Vecino, Alberto (dir.).

Taxas de actividade, ocupación e paro da poboación de 16 a 64 anos por sexo

	Total		
	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Galicia			
2020	72,3	63,5	12,1
A Coruña			
2020	72,5	64,3	11,3

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

O número de persoas ocupadas en Galicia supuxo un 2% menos respecto ao ano anterior, pero unha porcentaxe que mellora nun punto a media nacional. O xénero feminino segue a ser o máis castigado neste aspecto, xa que 3 de cada 4 persoas que perderon o seu traballo en Galicia son mulleres.

Se comparamos os datos cos da provincia da Coruña, vemos que estes son moi similares ao do resto da comunidade. Por localidades, dez delas concentran case o 70% das filiacións da provincia: a propia cidade da Coruña, Santiago, Ferrol, Arteixo, Narón, Oleiros, Culleredo, Carballo, Ames e Betanzos. Como vemos seis destas localidades poderían considerarse dentro área metropolitana coruñesa.

Aínda que non dispoñemos de datos para Galicia, si cabe destacar que a nivel nacional, o número de parados que realizaron algún tipo de estudos no 2020 incrementouse nun 26,8%, sendo case a metade deles de tipo regrado. Con todo, sobre o número total de parados, a cifra de persoas que cursan formación non chega ao 20%.

Un pouco inferior é a cifra de persoas ocupadas que cursan estudos. Aquí preséntase, ademais, unha diferenza de xénero, sendo máis o número de mulleres formándose, debido a traballos a tempo parcial.

A taxa de mobilidade da provincia está bastante equilibrada, cun número de saídas e entradas moi similar. As actividades económicas con maior mobilidade atopámolos na hostalería, concretamente nas relacionadas con servizos de comidas e bebidas.

Respecto á estrutura empresarial, non só se reduciu o número de empresas do sector industrial, senón que caeu tamén o seu nivel de produción. Un dos sectores máis afectados foi o da confección téxtil e que ata o 2019 xeraba en Galicia o 18,5% do IPI⁴ español. Era, ademais, unha das actividades que experimentou unha maior especialización.

Cuadro 3. Especialización de la industria galega con respecto a la española. Año 2019

	Coefficiente de especialización
Los cuatro sectores de mayor especialización	
Téxtil y confección	258,7
Madera y corcho	245,9
Material de transporte	137,2
Producción de energía eléctrica, gas y vapor	115,1
Los cuatro sectores de menor especialización	
Cuero y calzado	67,1
Coquerías, refino, químicas y productos farmacéuticos	63,7
Productos minerales no metálicos	63,1
Papel, artes gráficas y reproducción de soportes grabados	51,4

Fuente: INE, Encuesta industrial de productos. Elaboración propia

⁴ IPI: Índice de produción industrial

Cuadro 1. Índice de Producción Industrial de las principales agrupaciones industriales gallegas. Tasas de variación interanuales (en %)

	TVA (%) 2020/2019	TVA (%) 2020/2007	TVA (%) 2021/2020 Enero-Marzo
10 Industria de la alimentación	-0,9	21,9	-0,3
14 Confección de prendas de vestir	-15,1	-29,6	3,4
16 Industria de la madera y del corcho, excepto muebles; cestería y espartería	-11,2	-35,2	21,0
20 Industria química	-5,8	1,9	-19,0
23 Fabricación de otros productos minerales no metálicos	-9,5	-34,7	9,8
24 Metalurgia; fabricación de productos de hierro y acero	-6,1	-36,3	3,1
25 Fabricación de productos metálicos, excepto maquinaria y equipamiento	-23,6	-37,2	-5,5
27 Fabricación de material y equipamiento eléctrico	-2,1	-32,7	-5,7
28 Fabricación de maquinaria y equipamiento n.c.n.	-10,8	-26,3	-7,6
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques y semirremolques	5,5	-50,3	11,5
30 Fabricación de otro material de transporte	-25,8	-72,8	12,2
31 Fabricación de muebles	-19,3	-49,6	35,7
32 Otras industrias manufactureras	-16,0	22,4	7,5
C Industria manufacturera	-10,2	-30,9	1,5
ÍNDICE GENERAL	-8,5	-31,4	3,5

Fuente: IGE

Cuadro 1. Evolución del VAB en las ramas del sector servicios. Tasas de variación interanuales (en %)

Ramas de los servicios	2018	2019	2020	I trim. 2021
Comercio, transporte y hostelería	2,7	3,6	-19,5	-12,2
Información y comunicaciones	2,5	0,5	-0,1	-4,1
Actividades financieras y de seguros	6,6	1,3	-0,4	3,5
Actividades inmobiliarias	1,3	1,2	-0,3	-0,4
Actividades profesionales	5,0	4,1	-9,3	0,4
Administración pública, sanidad y educación	1,5	3,0	1,6	2,7
Actividades artísticas, recreativas y otros servicios	-0,2	0,4	-18,0	-1,3
Servicios no de mercado	1,3	2,7	1,8	2,2
Total servicios	2,4	2,7	-8,1	-3,4
PIBpm	3,2	1,8	-8,9	-2,9

Fuente: IGE

Cadros extraídos do informe A economía galega

O sector servizos foi un dos que máis afectado se viu pola pandemia, sendo os sectores do comercio, o transporte e a hostalería os máis castigados. Os establecementos de moda e complementos sufriron un serio retroceso no 2020, en contraposición cun incremento considerable comercio electrónico de prendas de vestir. Acotex, Asociación Empresarial del Comercio Textil y Complementos da Comunidade de Madrid, cifra a caída de vendas a nivel nacional nun 40% e un 15% de tendas que a finais dese ano aínda non abriran as súas portas.

O auxe das compras online tamén foi considerable no sector da distribución alimentaria. Igualmente, foron varias as cadeas que aumentaron a súa superficie comercial neste período, destacando as galegas Gadis e Froiz, pero tamén Vegalsa-Eroski.

O sector turístico estivo marcado pola caída da demanda coas restricións de mobilidade e o peche dos establecementos, que fixo que se reducise a oferta en máis dun 30% e a caída do emprego en hoteis nun 43%. Con todo, unha menor dependencia do turismo estranxeiro fixo que o retroceso fose inferior ao rexistrado no resto do territorio nacional.

En contraposición, Galicia ganou cota de mercado dentro de España, pasando a ocupar o 6º posto como receptora turismo interno. As provincias da Coruña e Pontevedra foron as destinatarias do 76% dos viaxeiros.

A actividade produtiva na cidade da Coruña

A maior parte da actividade industrial da cidade sitúase no eixo que une esta con Arteixo, cos polígonos de A Grela e Sabón. A estes únense, en dirección contraria, o polígono industrial de Pocomaco e o de Vío, concentrándose neste último a plataforma loxística dos dous portos coruñeses (dársena exterior de Punta Langosteira e a interior na propia cidade).

Como reflicte o informe Ardán 2020, Coruña é zona de comunidade cun maior dinamismo económico de Galicia e seu principal motor económico. A presenza do grupo Inditex e as súas filiais afirman este eixo como o máis importante de Galicia, converténdose, nos últimos anos, en focos importantes tamén de actividade terciaria e comercial. Como vemos na seguinte táboa, na área coruñesa sitúanse a maior parte das principais empresas galegas. Ademais do sector téxtil, atopamos na lista a Hijos de Rivera, dedicada á produción de bebidas principalmente, pero que tamén explota establecementos de hostalería na cidade. Tamén é salientable a presenza de empresas de distribución alimentaria, como Gadisa e Mercartabria, que ademais das superficies comerciais Gadis, teñen o seu centro loxístico en Betanzos.

En canto á estrutura empresarial, no concello da Coruña había rexistradas no ano 2020 unhas 21.490 empresas, a maioría delas con menos de 10 traballadores (9 de cada 10 firmas) e algo máis da metade baixo o réxime xurídico de persoas físicas (autónomos). Delas, 5.094 contabilízanse 5.094 na propia cidade da Coruña.

Se nos fixamos na actividade desenvolta, vemos que predomina o sector servizos, que aporta ao redor do 85% dos postos de traballo e onde a actividade comercial e hostaleira teñen unha presenza importante (23%). Neste sector aproximadamente o 50% son autónomos.

Principales empresas gallegas

En millones de euros

Buscar

Página 1 de 2 >

Empresa	Ingresos
1 Inditex	16.930,0
2 PSA	5.183,9
3 Zara	2.063,2
4 Bershka	1.451,5
5 Tempe	1.405,0
6 Megasa	1.229,1
7 Pull&Bear	1.201,6
8 Pontegadea	1.174,0
9 Massimo Dutti	1.118,5
10 Stradivarius	1.110,0
11 Vego Supermercados	985,5
12 Gadisa	915,4
13 Fashion Logistics	915,3
14 Financiera Maderera	692,8
15 GOA-Invest	691,6
16 Pescanova	641,5
17 Froiz	580,7
18 Coren	575,1
19 Dalphi	564,7
20 Const. San José	540,2
21 Frinsa	522,3
22 Showa Denko	495,9
23 Zara Home	492,5
24 Mercartabria	479,6
25 Hijos de Rivera	476,9

Tabla: La Voz de Galicia • Fuente: Ardán • Creado con Datawrapper

Empresas (3)			Dato	Periodo	Fuente
Empresas por condición xurídica					
Total			21.490	2020	
Persoas físicas			11.564	2020	
Sociedades anónimas			368	2020	
Sociedades de responsabilidade limitada			7.605	2020	
Cooperativas			61	2020	
Outras			1.892	2020	
Empresas por actividade					
	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Periodo
	206	781	2.125	18.378	2020

Fonte: Concello da Coruña, a través dos datos da Enquisa de poboación activa do IGE

Porcentaje de la población ocupada por sector - Municipio de A Coruña

Sectores	2017				2018				2019				2020			
	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Agricultura y pesca	0,29%	0,09%	0,68%	0,87%	0,58%	0,98%	1,35%	0,97%	0,28%	0,47%	0,67%	0,29%	0,48%	0,30%	0,70%	0,62%
Construcción	2,25%	3,35%	3,38%	2,69%	2,72%	2,73%	2,70%	2,71%	3,26%	3,31%	3,64%	3,34%	4,22%	4,01%	3,71%	3,85%
Industria	12,33%	11,08%	10,23%	11,44%	10,38%	9,67%	10,03%	9,96%	9,12%	8,80%	9,67%	9,84%	9,97%	9,33%	9,14%	8,32%
Servicios	85,03%	85,47%	85,71%	85,10%	86,42%	86,62%	85,82%	86,46%	87,43%	87,42%	86,03%	86,63%	85,33%	86,36%	86,55%	87,21%

Tendencias do mercado nos sectores relacionados coas familias profesionais do centro

Segundo se recolle na *Enquisa de Conxuntura Industrial*, realizada a principios de 2021, “as percepcións empresariais en Galicia poñen de manifesto a tendencia a unha progresiva recuperación na produción”⁵, aínda que tamén reflicte como obstáculo as dificultades de aprovisionamento de materias primas e equipos para a fabricación de bens intermedios.

Para facer unha valoración máis real das tendencias respecto ás ocupacións máis demandadas no mercado, imos partir primeiramente dos datos antes da pandemia, é dicir, o Informe do Mercado de Traballo de A Coruña 2019, elaborado polo SEPE xa que entendemos que a tendencia podería ter continuada unha vez superada a pandemia. Por outra banda, contrastaremos estes datos co informe elaborado polo mesmo organismo no ano 2021 (datos correspondentes ao ano anterior) xa que poden supoñer un cambio de tendencia en ocupacións que antes non se consideraban tan necesarias:

- **Industria manufactureira:** os datos do ano 2019 recollen a consolidación e diversificación de empresas existentes e a aparición de novas dedicadas ao procesado e elaboración de alimentos, que ofertan traballos estables ao longo do ano. Sen embargo, sinala a falta de formación como unha debilidade do sector.

Tamén se destaca o desenvolvemento da industria cárnica e produtos do mar. Dentro deste sector, sinálase como perfís con gran perspectiva laboral o de carnicero, panadeiro e pasteleiro. Esta tendencia mantense no informe realizado no ano 2021.

Por outro lado, destacar que na provincia coruñesa, entre as actividades económicas con evolución positiva no 2020, destaca a fabricación de bebidas.

- **Industria téxtil, confección e prendas de vestir:** resalta o avance das exportacións e destácao como o sector máis importante da economía galega, xerando novos nichos de mercado e especialización no ano 2019. Como parte negativa recolle nomeadamente a alta temporalidade e a deslocalización da produción. Destácase con tendencia positiva no mercado de cara a 2020 a ocupación de operario téxtil.

Sen embargo, a realidade marcada polo COVID supuxo a caída do sector e fixo que no curso 2020-21 tivéssemos moitas dificultades para atopar empresas nas que facer a FCT o alumnado. Con todo, as empresas grandes que souberon adaptarse ás novas circunstancias foron as que menos impacto sufriron, como é o caso de Inditex, situada na nosa contorna.

En calquera caso debería replantearse a idoneidade de manter un segundo grupo no ciclo de Patronaxe e Moda, implantado no curso 2021-22.

- **Hostalería e turismo:** O aumento de servizos de restauración e o auxe da actividade turística, fixeron das profesións de camareiro e cociñeiro unhas das ocupacións con maior previsión de

⁵ A Economía Galega, informe 2020-21. Resume executivo. Meixide Vecino, Alberto (dir.).

crecemento de emprego previstas para o ano 2020, a pesares da estacionalidade, e con especial auxe dos servizos de comida para levar e o desenvolvemento da actividade hostaleira. Destacábase ademais para estes perfís unha maior especialización dentro do sector. Precisamente a falta de persoas formadas facía que foran ocupacións con difícil cobertura. Igualmente, poñíase de manifesto o baixo interese por elas dos demandantes de emprego, debido ao baixo prestixio da profesión debido ás condicións de traballo e a remuneración.

Esta previsión, sen embargo, non se cumpriu no ano 2020 debido a pandemia e a situación de incertidume no sector, coa obrigatoriedade de peches constantes ou redución de aforos, fan que o informe do ano 2021 xa se reflecta un retroceso de máis do 50% nestas ocupacións.

15:CORUÑA A

Secciones y Actividades (*) que presentan mejores perspectivas laborales. Año 2020

SECCIONES DE ACTIVIDAD Y ACTIVIDADES ECONÓMICAS QUE PRESENTAN CRECIMIENTO INTERANUAL DE LA CONTRATACIÓN DISTRIBUIDAS POR SECCIONES DE ACTIVIDAD. AÑO 2020. CNAE-09

Sección de actividad	Actividad económica	Contratos	% var. Interanual
C Industria manufacturera			
	17 Industria del papel	1.189	21,95
	11 Fabricación de bebidas	730	15,14
	22 Fabricación de productos de caucho y plásticos	364	6,12
	19 Coquerías y refino de petróleo	171	11,76
E Suministro de agua, actividades de saneamiento, gestión de residuos y descontaminación			
	37 Recogida y tratamiento de aguas residuales	78	1,30
J Información y comunicaciones			
	61 Telecomunicaciones	265	19,37
K Actividades financieras y de seguros			
	66 Actividades auxiliares a los servicios financieros y a los seguros	391	3,44
	65 Seguros, reaseguros y fondos de pensiones, excepto Seguridad Social obligatoria	145	21,85
T Actividades de los hogares como empleadores de personal doméstico; actividades de los hogares como productores de bienes y servicios para uso propio			
	97 Actividades de los hogares como empleadores de personal doméstico	4.794	7,97

(*) Se muestran las Actividades Económicas que presentan variación positiva de la contratación en el año 2020 con respecto al año anterior, agrupadas por las Secciones de Actividad a las que pertenecen. No se han tenido en cuenta otros indicadores del mercado de trabajo distintos al de la contratación.

Fuente: Sistema de Información de los Servicios Públicos de Empleo

Por último, as conclusións recollidas no informe sobre perfís da oferta de emprego 2021, elaborado polo SEPE, recollen os aspectos clave que se prevé que marcarán as ofertas de emprego:

- Dispoñer de formación é un factor relevante á hora de incorporarse ao mercado laboral, sendo imprescindibles en perfís que se regulan a través de normativas oficiais e nas que se esixe título, habilitación ou certificado correspondente.
- Valórase especialmente a polivalencia, combinada cun alto grao de especialización e coñecemento específico do sector. Os profesionais teñen que ser capaces de adaptarse ás novas esixencias do mercado, en constante cambio, e estar predispostos a realizar funcións diferentes ás habituais ao un posto de traballo determinado.
- Solicítanse competencias relacionadas coa tecnoloxía e o ámbito dixital de forma transversal en case tódalas profesións. Será necesario dispoñer dunha cultura dixital básica: navegar por internet, xestionar o correo electrónico, coñecer as redes sociais, ata programas máis específicos relacionados co sector profesional do que se trate.

- Novas modalidades de traballo en entornos virtuais: a pandemia impulsou notablemente o teletraballo, as videoconferencias, as actividades e servizos de forma electrónica, o comercio online, etc.
- Valórase non só a aptitude, senón tamén a "actitude" coa que os traballadores afrontan o seu traballo. Nas relacións laborais son importantes valores como o optimismo, a motivación e a perseveranza. Esta, xunto co sentido da responsabilidade, son competencias valoradas en case tódolos perfís profesionais. Nas ofertas de traballo destácanse igualmente competencias persoais como capacidade de traballo en equipo, proactividade, flexibilidade, disposición ao aprendizaxe continuo, responsabilidade, innovación, empatía.
- Nas ocupacións cualificadas ou técnicas o inglés resulta case imprescindible.
- Aínda que mobilidade laboral depende de moitos factores, resulta relevante no actual mercado de traballo, tanto a nivel funcional como ocupacional.
- Valórase cada vez máis coñecementos en áreas complementarias á ocupación.

1.3. Ámbito tecnolóxico

Estímase que para o ano 2025 o 50% de todos os empregados necesitarán volver a formarse, a medida que se vaian incorporando novas tecnoloxías ao sector produtivo⁶. A alfabetización dixital e competencias en innovacións van ser requisitos necesarios para poder adaptarse ás novas contornas produtivas.

O ritmo de transformación da sociedade actual incrementouse de tal forma, que máis da metade dos cambios máis significativos dos últimos 30 anos producíronse nesta última década. Para entender este novo contexto resulta relevante referirnos á contorna VUCA, acrónimo en inglés das palabras:

- **Volatilidade:** refírese á rapidez con que se producen os cambios e a súa influencia a grande escala. O mercado vólvese máis competitivo e a velocidade, axilidade e capacidade de adaptación é unha das competencias claves para sobrevivir no mesmo. Faise necesario ter "visión": saber cara onde ir e flexibilizar sobre como hai que chegar.
- **Incerteza:** refírese á falta de predictibilidade dos problemas e situacións. Nun entorno tan cambiante, as experiencias pasadas xa non serven como predición de futuro, o que provoca un desgaste mental importante as persoas. Un exemplo disto atopámolo no acontecido coa pandemia. Para frontala, requírese comprensión e saber integrar o cambio como algo positivo.
- **Complexidade:** nun sistema complicado as relacións establécense mediante o concepto de causa-efecto, sen embargo, nos sistemas complexos o nivel de interconexión é tan elevado e tan cambiante que dificulta ver as relacións entre as distintas partes. Moverse nun entorno así require ser confiables, precisos e transparentes e buscar a simplicidade.
- **Ambigüidade:** refírese a realidades que presentan múltiples significados, de aí que sexa difícil a súa interpretación. Será necesario investigar para atopar novas perspectivas, de forma áxil e flexible dentro do marco da visión.

⁶ Segundo a Cumbre para o Reinicio Laboral organizada polo Foro Económico Mundial (WEF) de outubro de 2020

Nos últimos anos moitos autores completaron esta contorna falando de VUCA+H, referida esta última letra á hiperconectividade á que estamos todos sometidos. Ademais, pasouse dunha hiperconectividade reactiva, onde eramos meros espectadores ou consumidores de contidos dixitais, a unha proactiva, onde os usuarios participan tamén na xeración de contidos e novas experiencias.

Por último, todo esta contorna propicia a aparición de megatencias tanto no eido tecnolóxico como a nivel social, sendo dúas as máis presentes actualmente:

- *Metaverso*: fai referencia ás contornas virtuais, onde cada vez o usuario inverte máis tempo. Aquí entraría dende a realidade virtual á aumentada, ata as redes sociais como o Facebook, onde interactuamos a través dun avatar virtual. Outro exemplo do ámbito do metaverso é o emprego cada vez maior de videoconferencias nas relacións empresariais.
- *We Q culture*: é unha tendencia social que ten relación coa capacidade de "desaprender" individualmente para "aprender" colectivamente. No contexto actual esta capacidade é case máis importante que a propia de aprender. Por outro lado, a cantidade de información e o ritmo dos cambios á que está sometida é tal que non sería posible abarcala se non se asume o proceso de forma colectiva. Polo tanto, o foco ponse na necesidade de pasar dunha sociedade orientada ao "eu" a unha colectiva baseada no "nós" como forma de sobrevivir neste novo contexto.

1.4. Ámbito normativo e contorna educativa

Nas últimas décadas o ámbito educativo viuse sacudido constantemente por cambios legislativos fundamentais. A oitava das leis de educación ven de ser aprobada en decembro de 2020 e aínda está en fase de implantación. Isto vai supoñer unha serie de cambios entre os que se atopa a súa adaptación nunha nova lei de FP que aínda non está aprobada e vai supoñer un novo período de readaptación na comunidade educativa.

No ano 2012 o noso centro obtivo a certificación para o Sistema de Xestión da Calidade, implantado dende a rede de centros integrados da que formamos parte. Esta circunstancia fará que a xestión do centro deba adaptarse á norma ISO:9001:2015 e polo tanto, que os protocolos establecidos por esta condicionen os procedementos a seguir nos centros integrados e supoñan un hándicap para o profesorado que procede dos IES.

Por outra banda, debemos ter en conta que gran parte dos cambios producidos a nivel tecnolóxico non só condicionan a evolución do mercado produtivo e de servizos, senón que supón un impacto enorme tamén a nivel social e cultural, que deberá ter o seu reflexo tamén no sistema educativo, non só a nivel contidos ou competencial, senón tamén con modificacións de carácter funcional e estrutural.

As novas tendencias no conxunto da sociedade fai que deban replantearse cuestións como a formación para emprego, dotándoa de procedementos máis áxiles que permitan acceder á mesma a unha parte maior da poboación. Créase así, desde a administración central unha nova lexislación sobre a acreditación de competencias profesionais en 2021 que permite o acceso ao proceso en calquera momento; ou dende a administración autonómica establécense novas canles de comunicación entre as empresas que axuden a detectar de forma máis áxil as necesidades do mercado produtivo e fomenten a cooperación entre este e os centros educativos. Exemplo disto é a Rede Galega de Dinamización da FP Dual ou a súa reconversión na Rede Galega de Dinamización da relación coas empresas. Dende o primeiro momento, o CIFP Paseo das Pontes se uniu a ela, considerando que o centro non só ten que ser un referente na formación do sector, senón tamén contribuíndo á súa profesionalización continua.

A aceleración da dixitalización da sociedade, da que a pandemia do COVID foi en parte responsable, tivo especial incidencia nos centros educativos, que se viron obrigados a buscar alternativas ao ensino presencial nun tempo récord e sen que a comunidade educativa estivese preparada para iso.

Neste contexto, faise necesaria unha planificación que permita a transición da escola tradicional a novos escenarios virtuais e provoca que dende as administracións se acheguen instrucións aos centros para a elaboración e deseño dun Plan dixital que deberá estar implantado no curso 2022-23⁷.

Na proposta e deseño de accións formativas, sexan de formación profesional inicial ou para o emprego, habrá que ter en conta como estes cambios afectan nas expectativas do alumnado respecto á súa formación. Neste senso, cabe destacar as seguintes tendencias:

- **Benestar dixital:** a necesidade dun uso máis responsable da tecnoloxía, onde o emprego de medios dixitais sirvan para o desenvolvemento positivo do individuo con total seguridade.
- **Incremento das aprendizaxes por vías informais:** o ensino aparece descentralizado, e sae fora das institucións educativas, sendo múltiples as formas de adquirir coñecemento (online, webinars, edutubers, etc.), potenciado grazas á rede e a tecnoloxía dixital. A aprendizaxe cede as coordenadas espaciais en favor dos entornos dixitais e cobran relevancia conceptos como e-learning e b-learning. Este último, entendida como a educación híbrida que combina o ensino presencial co virtual, é xa unha das tendencias máis significativas nos centros de ensino. No caso do e-learning institucións educativas de relevancia xa están a ofrecer formación de calidade aberta a todo o mundo a través de MOOCS.
- **Aulas colaborativas:** as aulas físicas deben plantearse de forma máis aberta e flexibles na organización do espazo, que fomenten a interacción e metodoloxías máis dinámicas e que incluso permitan unha mellor adecuación ás necesidades individuais de cada alumno.
- **Microlearning (microformación e microcontidos):** a velocidade dos cambios derivan en consumos máis inmediatos, que aporten ao usuario gratificacións instantáneas. Neste senso, aumenta o consumo de cursos e materiais educativos multimedia de curta duración, pensados para solucionar ou transmitir un contido moi específico que permita a ampliación/reciclaxe de coñecementos de forma rápida.
- **Upskilling&reskilling:** son varias as voces internacionais, como a de Bill Gates, que afirman que o ensino en contornas dixitais debe guiarse por estes conceptos, pero que poden aplicarse tamén ao ensino competencial. Fan referencia á aprendizaxe constante de novas habilidades que se adapten mellor aos postos de traballo (upskilling) e á adquisición de novas habilidades para asumir un traballo completamente diferente (reskilling).

O centro

O centro sitúase dentro dun recinto pechado que conta cunha zona de estacionamento con barreira, de uso exclusivo para persoal do centro e cunha capacidade moi limitada en relación ao número de usuarios. Na zona exterior tamén dispón de pequenas zonas verdes a axardinadas, e unha pista de deportes na súa parte posterior, sen dotación e infrautilizada en parte polo seu mal estado de conservación.

⁷ Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 onde se sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- Aulas teoría: 19
(situadas no andar 0 e nos -1 e -2)

ANDAR 0

- Aulas de informática: 1
- Taller aloxamento: 1
- Taller de panadería e pastelería: 2
- Vestiarios alumnos: 2
- Biblioteca e sala de lectura: 1
- Viveiro de empresas: 1
- Sala de xuntas: 1
- Secretaría
- Conserxaría
- Departamento de Relacións coas Em-
presas e FCT
- Departamento de Orientación
- Espazo COVID
- Almacén 1

ANDAR 1

- Taller de cociña: 2
- Taller de cafetería: 2
- Taller restaurante: 1
- Taller de confección: 2
- Taller de arranxos: 1
- Taller de marroquinería: 1
- Taller de patronaxe: 1
- Economato: 1
- Despachos de dirección

ANDAR 2

- Sala de profesores: 1
- 9 Despachos de departamentos e door-
dinacións (compartidos)

ANDAR -1

- Taller de lavandería: 1
- Taller industria alimentaria: 1
- Laboratorio fisicoquímico: 1
- Laboratorio microbioloxía: 1
- Planta de elaboración: 1

ANDAR -2

- Aula de cata: 1
- Laboratorio téxtil: 1
- Vestiarios profesores: 2
- Salón de eventos

ANDAR -3

- Almacéns: 2

A edificación está composta por un edificio cadrado de cinco plantas, cun patio interior central descuberto. Dúas desas plantas son semi sotos ao situarse por debaixo da planta baixa. Nesta última está a entrada principal, a maioría dos servizos administrativos e complementarios, xunto coas aulas, tanto teóricas coma prácticas.

Na primeira planta, sitúanse os talleres de hostalería e os de téxtil, xunto cos despachos de dirección.

As aulas taller están equipadas con toda a maquinaria e infraestruturas precisas para impartir as respectivas especialidades, pero comezan a acusar o paso de tempo e o desgaste polo uso, precisando nalgúns casos pequenas reformas de reacondicionamento.

Destacar tamén que a pandemia e as medidas de adaptación ao protocolo COVID obrigaron á conversión en aulas de teoría outras destinadas a outros usos, como a de informática ou a sala de biblioteca.

Por outra banda, a situación xeográfica do instituto permite o aproveitamento de numerosos recursos: educativos, económicos, informativos e laborais, que ofrecen tanto os servizos municipais como diferentes organismos públicos e privados.

Datos alumnado

Nos últimos anos a media de matriculación do centro sitúase entre os 800 e 900 estudantes por curso académico.

A idade de ingreso no Centro é a partires dos 15 anos, xa que un dos niveis cos que conta é a FP Básica. A media de idade sitúase na franxa entre os 15 e 25 anos, pero percíbese non últimos anos un incremento da idade do alumnado, parello ao aumento da oferta educativa en modalidades para adultos e a distancia, chegando a un 30% de estudantes que superan os 30 anos. Esta circunstancia tamén diversificará o sistema familiar, xa que mentres parte do alumnado convive cos pais, outra xa terá incluso a súa propia unidade familiar.

Por xénero, soe estar equilibrada a matrícula de homes e mulleres, aínda que a distribución por familias si é moi dispar, sendo maioritario o xénero feminino nos ciclos de téxtil (ao redor do 80%) e industrias alimentarias (60%).

A maioría do estudantado procede da cidade da Coruña, pero hai unha número elevado de persoas que proveñen da contorna próxima á A Coruña, con especial incidencia da Costa da Morte. Tamén se



detecta presenza de alumnado que orixinario doutras provincias galegas ou limítrofes á comunidade e un aumento do número de alumnos estranxeiros (chegando nalgún curso académico a un 20% do alumnado). A maioría deste alumnado procede do centro e sur de América.

En canto a réximes, o máis demandado é o ordinario, aínda que o incremento de modalidades para adultos é notable. Por familias, é a de hostalería e turismo a que acumula o maior número de estudantes, seguida da Téxtil e en último lugar a de Industrias Alimentarias.

Case tódolos alumnos acceden a Ciclo Medio coa ESO, aínda que nos últimos anos se observa un incremento no número de persoas que cursaron estudos universitarios previos, sobre todo nos ciclos superiores. Trátase de alumnado que busca reorientarse profesionalmente ou mellorar as súas posibilidades de inserción laboral. Na familia de Hostalería e Turismo moito do estudantado combina o estudo con traballo, o que en ocasións dificulta a conciliación de horarios para asistir a clases.

Por último, é de destacar a presenza cada vez maior de alumnado que presenta necesidades de atención educativa especiais, aínda que non sempre estes presentan informes ou acceden por o cupo reservado a tal fin, o que dificulta a súa detección e a súa integración na aula. Esta circunstancia fai que a carga de traballo do departamento de orientación aumente considerablemente.

2 Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP

Como membro da Rede Galega de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia, o centro comparte a súa visión de compromiso cara a calidade e deberá ter en conta a súa misión, visión e valores na a proposta de novos obxectivos:

Misión

Establecer unha oferta de formación profesional modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo mundo produtivo, proporcionando servizos para a cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.

- Participar no procedemento para o recoñecemento, a avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Prestar servizos de información e de orientación profesional ás persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto da súa carreira profesional.
- Establecer un espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o ámbito produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente.
- Fomentar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, con especial incidencia na erradicación de prexuízos.
- Facilitar o acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como a conservación e mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos.



- Impulsar e mellorar as aptitudes e as competencias do alumnado, promovendo proxectos de iniciativa emprendedora, mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun contexto internacional.

Visión

Como Centros Integrados de Formación Profesional proporcionaremos unha formación integral ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, polo que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza á obtención de títulos de formación profesional e á acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, atendendo as necesidades que demande o mercado laboral e consolidando vínculos con todas as empresas do contorno.

Valores

Orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, para crear valor aos nosos usuarios mediante un sistema de calidade total co compromiso de cumprir cos requisitos do sistema e de mellorar continuamente a súa eficacia.
- Lograr a satisfacción da comunidade buscando atender as súas necesidades e adiantándonos ás súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución.
- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta ás necesidades e demandas do noso ámbito socioeconómico.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas tecnoloxías da información e da comunicación, para reproducir procesos sustentables, cun profesorado formado tanto na didáctica coma nas innovacións tecnolóxicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e os obxectivos de calidade establecidos no Plan estratéxico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo do contorno (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes:
 - Formación do persoal docente de formación profesional.
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais.
 - Orientación profesional.
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na impartición de docencia.
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e das traballadoras, así como na información e orientación das persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente.

Estas directrices da Rede, xunto co contexto normativo e o propio do SXC do CIFP Paseo da Pontes, serán as bases da definición dos obxectivos que se despregarán na planificación funcional e se concretarán anualmente, conforme ao requirido na Orde do 29 de xullo de 2011 onde se desenvolve o Decreto 77/2011 do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Obxectivo	Tipo de obxectivo	Área implicada	Liñas xerais de traballo	Temporalización			
				21-22	22-23	23-24	24-25
1. INCREMENTAR A OFERTA DE CICLOS DUAIS E NOUTRAS MODALIDADES FORMATIVAS	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Incremento da oferta FP Dual	x	x	x	x
			Estudo da viabilidade e implementación de novos ciclos FP Básica			x	
			Proposta e implantación de novos cursos de especialización			x	x
			Incremento da oferta de AFD		x		x
2. POTENCIAR A FORMACIÓN CONTINUA DO PROFESORADO DE FP	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de formación	Participación nas convocatorias de plans permanentes de formación do profesorado	x	x	x	x
			Fomentar a participación en proxectos de formación do profesorado	x	x	x	x
3. PROMOVER E INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE INNOVACIÓN.	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de formación	Promoción da innovación entre o profesorado a través de distintas iniciativas	x	x	x	x
			Participar en proxectos de innovación nas convocatorias anuais		x	x	x
			Colaboración con colectivos/empresas da contorna en propostas innovadoras	x	x	x	x
4. INCREMENTAR O N° DE CIDADÁNS CON COMPETENCIAS PROFESIONAIS ACREDITADAS, A TRAVÉS DO PROCESO DE AVALIACIÓN, RECOÑECIMIENTO E ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS.	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Promoción dos procedementos de acreditación entre as persoas, empresas e colectivos da contorna	x	x	x	x
			Promoción do proceso entre o profesorado e fomento da súa participación	x	x		
			Atención e resolución das solicitudes presentadas	x	x	x	x
5. POTENCIAR A VISIBILIDADE E DIFUSIÓN DAS ALTERNATIVAS QUE PARA A INSERCIÓN LABORAL OFRECE A FORMACIÓN PROFESIONAL	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de formación	Estudo da actualización da oferta formativa conforme ás demandas do mercado	x	x	x	x
			Promoción da bolsa de emprego do centro e xestión da mesma máis áxil e dinámica.	x	x		
			Promoción da FP a través de distintos medios, nomeadamente medios dixitais do centro e información aos medios de comunicación locais.	x	x	x	x
			Colaboración con entidades que traballen na inserción laboral, con especial atención a aqueles relacionados colectivos con dificultades de inserción laboral nos que a FP poida ser unha alternativa	x	x	x	x
6. PROMOVER O EMPRENDEMENTO ENTRE O ALUMNADO	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Desenvolvemento de actividades de ensino-aprendizaxe complementarias que fomenten a cultura emprendedora	x	x	x	x
			Promoción do viveiro de empresas		x		
7. IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN DA FP E CONCRETAMENTE DO CENTRO E	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Fomento da participación en programas Erasmus tanto no alumnado coma no profesorado	x	x	x	x

AS COMPETENCIAS EN LINGUA EXTRANXEIRA DO ALUMNADO		Área de formación	Fomento e reforzo da oferta formativa en linguas estranxeiras que melloren as posibilidades de mobilidade do alumnado	x	x	x	x
			Creación de redes colaboración con empresas e colectivos no estranxeiro	x	x		
8. MELLORAR A CAPACIDADE DIXITAL DE CENTRO	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de Formación	Deseño e implantación do Plan Dixital do centro	x	x		
			Creación de ferramentas que axuden na mellora de competencia dixital da comunidade educativa	x	x	x	x
9. MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS DO CENTRO	Específico	Área de xestión	Mellora das instalacións e subministros do centro (tubaxes, electricidade, etc.)	x	x	x	x
			Mellora da habitabilidade do centro (sinalética, parking...)	x	x	x	x
			Mellora e modernización das aulas taller das distintas familias profesionais e os seus equipamentos	x	x	x	x
			Mellora e actualización dos medios dixitais	x	x		
10. MELLORAS NA XESTIÓN DO CENTRO E NOS PROCEDIMENTOS	Específico	Área de xestión Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de Formación	Mellora dos procesos de funcionamento do centro que leven un incremento na calidade e facilite e axilice o traballo do todo persoal	x	x	x	x
			Fomento da aula virtual como espazo de referencia para toda a comunidade educativa	x	x		
			Mellora dos rexistros documentais e dixitalización do arquivo	x	x		
11. FOMENTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL E A SUSTENTABILIDADE NA COMUNIDADE EDUCATIVA	Específico	Área de xestión Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de Formación	Fomento do consumo responsable e do aproveitamento de recursos	x	x	x	x
			Fomento da conciencia social e posta en valor da FP como parte da mellora da contorna	x	x	x	x
12. CREACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE RECURSOS DIDÁCTICOS	Específico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de Formación	Creación dun banco de recursos didácticos e pedagóxicos de interese para o profesorado a través da aula virtual do centro	x	x		
			Desenvolvemento de actividades de actualización da metodoloxía e recursos didácticos	x	x	x	
13. MELLORA NAS PROGRAMACIÓN E NOS PROCESOS DE AVALIACIÓN	Específico	Área de Formación	Homoxenización dos criterios de cualificación nas programación e elaborar recursos para a mellora dos procedementos de avaliación	x	x	x	x
			Incremento da competencia docente nos procesos de avaliación	x	x		
14. MÓDULOS EN B-LEARNIG	Específico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de formación	Adaptación do ensino á contorna virtual en réxime semipresencial.	x	x	x	x
15. DAR VISIBILIDADE AO CENTRO NA CONTORNA PRÓXIMA E POÑER EN VALOR O TRABALLO DA COMUNIDADE EDUCATIVA	Específico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de Formación	Fomento e promoción de actividades realizadas no centro na que participe a comunidade educativa.	x	x	x	x
			Mellora da xestión dos medios dixitais do centro para a difusión do mesmo e creación de novas canles de comunicación	x	x		
			Fomento da participación e colaboración con entidades, colectivos, institucións, etc. da contorna que poñan en valor o traballo do centro e da comunidade educativa	x	x	x	x

16. POSTA EN VALOR DA CONTORNA SOCIAL E CULTURAL GALEGA	Específico	Área de Formación Área de calidade, innovación e orientación profesional	Realización de actividades puntuais que poñan en valora a lingua e cultura galega	x	x	x	x
			Promoción entre a comunidade educativa das axendas culturais/sociais que fomenten e dinamicen a cultura galega	x	x	x	x
			Fomento do uso da lingua galega entre a comunidade educativa	x	x	x	x
17. MELLORAR A CONVIVENCIA DO CENTRO	Específico	Área de Formación Área de calidade, innovación e orientación profesional	Creación de espazos de intercambio entre a comunidade educativa	x	x		
			Fomentar do uso da biblioteca como punto de dinamización do centro	x	x		
			Fomentar accións que faciliten a interacción, a integración e a convivencia da comunidade educativa	x	x	x	x
18. FOMENTAR A INTERACCIÓN ENTRE FAMILIAS PROFESIONAIS	Específico	Área de formación	Promoción do traballo colaborativo entre as distintas familias	x	x	x	x
19. DINAMIZAR O PLAN DE BIBLIOTECA DO CENTRO	Específico	Área de formación Área de calidade, innovación e orientación profesional	Mellora e actualización dos procedementos de compra, catalogación e difusión dos fondos da biblioteca.	x	x		
			Mellora dos procedementos de préstamo dos fondos bibliográficos.	x	x		
20. DESENVOLVER ACTIVIDADES DE MELLORA CONSTANTE DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	Específico	Área de xestión Área de calidade, innovación e orientación profesional	Actualización permanente do plan de autoprotección	x	x	x	x
			Adaptación os espazos e infraestruturas ante calquera causa que pudesec sobrevirse, nomeadamente por COVID-19	x	x	x	x
			Creación de recursos permanentes de información sobre condicións de seguridade laboral a través da aula virtual do centro	x	x		
			Mellora/axilización dos procedementos de comunicación entre a comunidade educativa naqueles aspectos relativos coas seguridade e saúde laboral.	x	x		
21. DESENVOLVER ACTIVIDADES QUE MELLOREN A EFICACIA E EFICIENCIA NA XESTIÓN DO ORZAMENTO	Específico	Área de xestión	Consecución dun remanente suficiente para atender os gastos comúns do inicio do ano económico	x			
			Redución dos prazos de atención aos gastos das actividades planificadas	x			
			Mellora e axilización dos procedementos de pago	x	x		


Estes obxectivos e liñas de actuación prioritarias serán desenvoltas nos plan anuais do centro e especificamente nos plans de cada unha das áreas funcionais, coa debida temporalización e asignación de recursos necesarios a tal fin.

3 Sistema organizativo do CIFP

O Decreto 77/2011, de 7 de abril, que establece o Regulamento Orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e que será desenvolto na Orde

07/2011 de 29 de xullo. Neste decreto establecerase a estrutura funcional do centro en tres áreas funcionais para afrontar os fins e as funcións que lles son encomendadas a estes centros:

- Área de calidade, innovación e orientación profesional: terá como responsabilidade a xestión da calidade, a innovación educativa e tecnolóxica, a formación do profesorado, os programas internacionais, a relación coas empresas, entidades, asociacións e outras institucións, a información e a orientación profesional, a organización e a xestión dos procedementos para a obtención dun título de formación profesional por vías de aprendizaxe non formais e de calquera outra proba que a consellería competente convoque.
- Área de formación: asume a responsabilidade na organización e xestión das actividades formativas e do persoal docente do centro integrado.
- Área de administración e xestión: correspóndelle a responsabilidade na administración e na xestión económica, administrativa, de material, de prevención de riscos laborais e de persoal non docente do centro integrado.



A coordinación destas tres áreas será asumida polos órganos unipersonais de goberno, que son a vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría respectivamente, e estando todos eles baixo a responsabilidade da Dirección do centro.

Como se observa no organigrama, o centro conta con dúas coordinacións que non son propias da organización dos CIEFP. A dirección considera necesario o dispoñer dunha coordinación de comunicación, dende a que se xestione toda a comunicación do centro non só a nivel externo, senón tamén a nivel interno. Trátase de unificar criterios e xerar imaxe de marca, ganando presenza na contorna máis próxima, pero tamén de poñendo en valor o que se fai no centro dentro da propia comunidade educativa. Igualmente, dado o crecemento das redes sociais entre o noso público obxectivo, estas convértense nunha canle moi valiosa para a transmisión de todo tipo de información. É presumible, neste senso, o aumento da carga de traballo da coordinación de TICs, non só como encargada da difusión de contidos, senón tamén como participante de forma activa na creación dos mesmos. Isto feito fará que a asignación de tres horas semanais para a esta tarefa resulte insuficiente.

A outra coordinación é a de convivencia, xa espectro de idade do alumnado é moi amplo, o que fai que convivan persoa con vivencias experienciais tamén moi diferentes, ao haber estudantes adolescentes xunto con outros incluso preto da xubilación. Ademais, nos últimos anos o incremento da diversidade individual, social e cultural da comunidade educativa fai necesario políticas que melloren a integración e a interacción de todos os colectivos e se dispoña de recursos e ferramentas para a resolución de conflitos en caso de habelos.

Por outro lado, como xa se dixo, o centro uniuse dende o primeiro momento á Rede Galega de Dinamización da FP Dual, agora baixo a denominación de Dinamizador das Relacións coas Empresas, e á Rede Galega de Educación Dixital, aportando non só persoal, senón espazos e recursos. Como centro de referencia que pretendemos ser para o sector, non só a nivel educativo, senón tamén no profesional, consideramos fundamental participar de primeira man en todas aquelas propostas que permitan achegarnos ao tecido empresarial ou supoñan melloras no propio entorno laboral do centro.

En canto ao departamento de Información e Orientación, nos últimos anos a súa carga de traballo que soporta incrementouse considerablemente, resultando case imposible abarcalo en tempo e forma por unha única persoa. É de esperar que esta tendencia siga crescendo nos próximos cursos, xa que por un lado, cada vez hai maior número de estudantes que presentan algún tipo de necesidade educativa especial e que require dunha intervención e seguimento deste departamento; e por outro os servizos de orientación profesional semellan ser un dos aspectos clave nos próximos anos para mellorar a capacidade de inserción laboral non só do alumnado, senón tamén de calquera traballador, estea en activo ou non, e requirirase con maior frecuencia servizos de asesoramento. Isto fai que a día de hoxe unha persoa soa no departamento resulte insuficiente, e que ademais, non sexa posible cubrir todo o horario do centro.

Órganos colexiados de participación

O centro conta con dous órganos colexiados de participación: o claustro de profesores e o Consello Social.

Respecto ao claustro, soe estar composto por entre 65 e 70 docentes, se ben ata o de agora a metade deles non tiña destino definitivo no centro. O caso máis salientable era o do departamento de textil, que ata o curso 2020-21 só contaba cunha funcionaria de carreira.

Esta circunstancia dificulta a planificación e participación en proxectos, ante a incerteza de que o docente teña continuidade no centro no curso seguinte. Igualmente faise necesario dotar o centro dunha proposta consensuada de contidos/competencias mínimas comúns a traballar en cada módulo, que poda servir de referencia ao profesorado de nova incorporación e temporal e que facilite a súa labor na aula sen que repercuta na calidade do ensino que recibe o alumno, minimizándose as diferenzas entre docentes que imparten o mesmo módulo en distintos grupos a cuestións de índole máis metodolóxicas.

Pola súa banda, o Consello Social está composto polos membros da dirección, a excepción da responsable da área de calidade, tres docentes do claustro, e os seguintes membros:

- En representación da administración: Patricia Mouro, Javier Campa e Isidoro Martínez
- En representación do ámbito empresarial: Lucía Cidón Fernández e María Iglesias Albertino
- En representación do ámbito sindical: Eladio Rodríguez Sánchez e Ana Belén González Basanta.

Datos do persoal non docente

Como observamos na táboa, con datos do curso 2021-22, o centro conta cun cadro de persoal laboral formado por entre 14 persoas, ás que se lle suman outras como intérpretes de signos en función das necesidades de cada curso.

PERSOAL NON DOCENTE	Administrativos (secretaría)	2
	Subalterno (conserxaría)	3
	Intérpretes de signos*	4
	Auxiliar de conversa*	1
	Encargado de almacén (economato)	1
	Limpeza	4
	Persoal de comedor (pinches plonge)	4
TOTAL		19

Respecto ao persoal de

** Persoal non estable no centro – pode variar cada curso*

economato cabe dicir que unha persoa soa resulta insuficiente para cubrir o horario do centro. A situación vese agravada dende que se xubilou a anterior titular da praza, o que provoca a rotación de persoal cada 6 meses. Polas características deste posto, faise necesario que a persoa que cubra a praza teña certa estabilidade no posto, xa que son moitas as variables que debe manexar para o correcto funcionamento do economato, senón tamén para garantir o subministro necesario para desenvolver as clases prácticas.

Horario do centro

Durante os períodos lectivos o horario do centro cubre a franxa horaria que vai das 8 ás 22,00 horas, xa que hai clases tanto de mañá como de tarde, con sesións de 60 minutos. O horario da conserxaría esténdese 15 minutos máis no peche para dar tempo ao profesorado e a alumnado a abandonar as aulas.

O equipo directivo, pola súa parte, establecerá un horario con quendas que permita cubrir todo o horario do centro, pero ao mesmo tempo atender aquelas outras nas que hai máis demanda de traballo.

Nos períodos non lectivos o centro permanecerá aberto en quenda de mañá, sendo o horario habitual de 9 a 14,00 horas. Este horario será de aplicación tamén para a secretaría, coa excepción de que esta deberá cubrir dous días da semana en horario de tarde durante o curso escolar e nos períodos de matriculación. Durante o período vacacional a hora de peche do centro será as 13,00 horas.

4 Procedementos de xestión do CIFP

Obxectivo	Indicadores	Nivel de logro
1. INCREMENTAR A OFERTA DE CICLOS DUAIS E NOUTRAS MODALIDADES FORMATIVAS	Nº de grupos completos de ensinanzas en modalidade Dual que comezan este curso	≥ 1 ciclos
	Nº de prazas en modalidade Dual	≥ 5 dual de 2º ≥ 24 dual grupo completo
	Nº de alumnado matriculado en cursos de especialización	≥ 20 prazas
	Nº de persoas matriculadas en AFD	≥ 25 prazas
	Nº ciclos novos en FP Básica	≥ 1 ciclos
2. POTENCIAR A FORMACIÓN CONTINUA DO PROFESORADO DE FP	Participase nas convocatorias de plans permanentes de formación do profesorado	SI/NON
	Nº docentes de FP que participa nalgún tipo de formación específica asociada a PFFP ou PFP ou do plan de FP	≥ 15% do claustro
	Nº docentes de FP que participa nalgún tipo de formación interna	≥ 30% do claustro
3. PROMOVER E INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE INNOVACIÓN.	Nº de publicacións co hastag #FPinnova	≥ 5 por curso
	Nº de proxectos de innovacións de FP solicitados	≥ 1
	Nº de proxectos de innovación de FP desenvoltos	≥ 1
	Nº de alumnado que participan en certames relacionados cos sectores profesionais que cursan	≥ 1
	Nº de equipos que participan na convocatoria de Galicia Skills	≥ 3
4. INCREMENTAR O Nº DE CIDADÁNS CON COMPETENCIAS PROFESIONAIS ACREDITADAS, A TRAVÉS DO PROCESO ARA DE ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS.	Nº de UC solicitadas para o recoñecemento	≥ 100
	Nº de UC recoñecidas	50%
	Nº de coa etiqueta #ARA #FPacredita	≥ 3
5. POTENCIAR A VISIBILIDADE E DIFUSIÓN DAS ALTERNATIVAS QUE PARA A INSERCIÓN LABORAL OFRECE A FORMACIÓN PROFESIONAL	Nº de publicacións coa etiqueta #FPGalicia	≥ 50
	Nº de ofertas de emprego xestionadas	≥ 50
	Nº de colaboracións realizadas con entidades externas que traballen a prol da inserción laboral.	≥ 1
6. PROMOVER O EMPRENDEMENTO ENTRE O ALUMNADO	Nº de convocatorias de emprendemento da Consellería nas que participa o centro	≥ 1
	Nº de actividades relacionados co emprendemento realizadas entre o alumnado	≥ 3
	Nº de publicacións en redes co hastag #FPemprende	≥ 3

7. IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN DA FP E CONCRETAMENTE DO CENTRO E AS COMPETENCIAS EN LINGUA EXTRANXEIRA DO ALUMNADO	Nº mobilidades entrantes e saíntes de profesores	≥ 1
	Nº mobilidades entrantes e saíntes de alumnado	≥ 2
	Nº de novas empresas estranxeiras contactadas	≥ 3
8. MELLORAR A CAPACIDADE DIXITAL DE CENTRO	Implantación do plan dixital	Si/non
	Nº ferramentas/recursos creados que axuden na mellora de competencia dixital da comunidade educativa	≥ 2
9. MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS DO CENTRO	Nº de melloras realizadas nos subministros e infraestruturas do centro	≥ 1
	Nº de melloras realizadas sobre a habitabilidade do centro	≥ 1
	Nº de melloras realizadas nas aulas taller (infraestruturas/equipamentos)	≥ 2
	Nº de melloras realizadas relativas á actualización dos medios dixitais do centro	≥ 2
10. MELLORAS NA XESTIÓN DO CENTRO E NOS PROCEDIMENTOS	Nº de accións realizadas que incidan na mellora dos procesos de funcionamento do centro e na súa calidade	≥ 2
	Nº de recursos/ferramentas creadas na aula virtual para uso da comunidade educativa	≥ 2
	Mellora dos rexistros documentais	SI/NON
	Dixitalización do arquivo documental do centro	≥ 1 curso
11. FOMENTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL E A SUSTENTABILIDADE NA COMUNIDADE EDUCATIVA	Nº de accións realizadas que fomenten o consumo responsable e do aproveitamento de recursos	≥ 2
	Nº de alumnado participante nas accións realizadas ou nº de grupos participantes nas	≥ 35 ≥ 2
12. CREACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE RECURSOS DIDÁCTICOS	Creación dun banco de recursos didácticos e pedagóxicos de interese para o profesorado a través da aula virtual do centro	Si/non
	Nº de actividades de actualización da metodoloxía e recursos didácticos realizadas	≥ 2
13. MELLORA NAS PROGRAMACIÓN E NOS PROCESOS DE AVALIACIÓN	Nº de módulos nos que se realizou a homoxeneización dos criterios de cualificación nas programación e elaborar recursos para a mellora dos procedementos de avaliación	≥ 1
	Nº de recursos realizados para a mellora dos procedementos de avaliación	≥ 1
	Nº de actividades realizadas para o incremento da competencia docente nos procesos de avaliación	≥ 1
14. MÓDULOS EN B-LEARNIG	Nº de módulos adaptados para o ensino en réxime semipresencial.	≥ 1
15. DAR VISIBILIDADE AO CENTRO NA CONTORNA PRÓXIMA E POÑER EN VALOR O TRABALLO DA COMUNIDADE EDUCATIVA	Nº de publicacións con algún dos hashtag #sompaseodaspontes #orgulodeprofesorado #orgullo de alumando	≥ 50
	Nº novas canles de comunicación creadas	≥ 1
	Nº de colaboracións con entidades, colectivos, institucións, etc. da contorna que poñan en valor o traballo da comunidade educativa	≥ 2
16. POSTA EN VALOR DA CONTORNA SOCIAL E CULTURAL GALEGA	Nº de actividades realizadas que poñan en valora a lingua e cultura galega	≥ 2
	Nº de actividades culturais e sociais compartidas dende EDLG para o fomento e dinamización a cultura galega	Si/non
	Nº de actividades realizadas para o fomento do uso da lingua galega entre a comunidade educativa	≥ 6
17. MELLORAR A CONVIVENCIA DO CENTRO	Creación de espazos de intercambio entre a comunidade educativa	Si/non
	Nº de accións realizadas que faciliten a interacción, a integración e a convivencia da comunidade educativa	≥ 2

18. FOMENTAR A INTERACCIÓN ENTRE FAMILIAS PROFESIONAIS	Nº actividades de realización por cada familia que se publicitan a toda a comunidade	≥ 10
19. DINAMIZAR O PLAN DE BIBLIOTECA DO CENTRO	Grao de consecución na catalogación dos fondos da biblioteca.	30%
	Nº de actividades propostas dende a dinamización da biblioteca	≥ 6
	Creación dun espazo na aula virtual para a dinamización da biblioteca	Si/non
20. DESENVOLVER ACTIVIDADES DE MELLORA CONSTANTE DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	Actualización permanente do plan de autoprotección	Si/non
	Adaptación os espazos e infraestruturas ante calquera causa que puidese sobrevivir, nomeadamente por COVID-19, seguindo os protocolos indicados pola administración pertinente	Si/non
	Nº de recursos creados para a información permanentes sobre condicións de seguridade laboral a través da aula virtual do centro	≥ 1
	Nº de accións realizadas para a mellora/axilización dos procedementos de comunicación entre a comunidade educativa naqueles aspectos relativos coas seguridade e saúde laboral.	≥ 1
21. DESENVOLVER ACTIVIDADES QUE MELLOREN A EFICACIA E EFICIENCIA NA XESTIÓN DO ORZAMENTO	Consecución dun remanente suficiente para atender os gastos comúns do inicio do ano económico	≥ 150.000 €
	Redución dos prazos de atención aos gastos das actividades planificadas	≥ 15 días
	Nº de accións realizadas para a mellora e axilización dos procedementos de pago	≥ 1

5 Oferta integrada

O CIFP *Paseo das Pontes* conta con formación profesional inicial e formación profesional para o emprego: cursos de AFD e acreditación de competencias.

5.1. Ensinanzas propias de formación profesional inicial

O centro conta cunha oferta estable de formación profesional inicial nas familias de Hostalería e Turismo, Industrias Alimentarias e Téxtil, Confección e Pel, nas que se imparten ciclos tanto en modalidade presencial como nas modalidades de adultos, en réxime modular, distancia e FP Dual. En concreto, de forma estable, ofertando os seguintes ciclos:

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA			RÉXIME
CBHOT02		Aloxamento e lavandaría	Ordinario
CBTCP01		Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel.	Ordinario
CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO			
CMHOT01		Cociña e gastronomía	Ordinario (2 GRUPOS) Modular
CMTHOT02		Servizos en restauración	Ordinario
CMINA03		Elaboración de produtos alimentarios	Ordinario
CMINA01		Panadaría, repostaría e confeitaría	Ordinario (implantado no curso 2020-21)

CMTCP01		Confección e moda	Distancia Ordinario
---------	---	-------------------	------------------------

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

CSHOT04		Dirección de cociña	Ordinario
CSTHOT05		Dirección de servizos de restauración	Ordinario
CSINA02		Procesos e calidade na industria alimentaria	Ordinario
CSTCP01		Patronaxe e moda	Ordinario (2 GRUPOS, o segundo implantado no curso 2021-22)
CSTCP0		Vestuario a medida e de espectáculos	Modular
CSHOT0		Xestión de aloxamentos turísticos	Modular

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

CSHOT0		Panadaría e bolaría artesanal	Ordinaria (implantado no curso 2021-22)
--------	---	-------------------------------	--

Nos últimos cursos foise incrementando a oferta de ciclos de modalidades duais, sendo máis ou menos estable na familia de hostalería e turismo e na de téxtil. Tamén colaboramos con outros centros educativos da cidade dende hai dous cursos, concretamente na Dual de ciclo medio de comercialización de produtos alimentarios, coa que compartimos docencia co IES Ramón Menéndez Pidal.

De cara a vindeiros cursos haberá que esperar a como se artella na nova lei de FP o desenvolvemento da FP Dual, xa que todos os ciclos pasarían a ser tal.

Respecto da formación actual de FP Básica, o ciclo de aloxamentos e lavandaría é dos menos atractivos para o alumnado. Sen embargo, derivado da pandemia por COVID 19, que esixiu contemplar medidas extraordinarias de hixiene en case todos os sectores no mercado laboral, as ocupacións relacionadas coa limpeza e acondicionamento en instalacións hoteleiras presentan por primeira vez unha tendencia positiva. É por iso que nos próximos cursos haberá que estudar a conveniencia de seguir mantendo este ciclo ou traspasalo a unha AFD de cualificación 1.

En calquera caso, bótase de menos unha FP básica de hostalería que teña continuidade cos ciclos medios do centro e onde a interacción co alumnado destes e ver a diario as actividades que realizan, poda servir de motivación aos da básica para continuar formándose. Ademais, hai varias empresas da zona que contactaron co centro buscando perfís para ocupacións máis sinxelas que as que cubre un ciclo medio e nos que podería encaixar esta titulación (comedores de colectividade, fast food). A isto habería que engadir o interese de varios colectivos coruñeses (Aspronaga, Asociación de Síndrome de Down) en que se integre a alumnado con necesidades educativas especiais na formación profesional, dotándoo dunhas perspectivas de inserción laboral máis reais. O este perfil profesional básico de hostalería resultaría factible para estes colectivos a través dun deseño curricular adaptado.

En calquera caso, as limitacións de espazo no centro son unha das maiores dificultades á hora de ampliar a ciclos formativa. A dispoñibilidade nestes momentos permitiría só a ampliación na familia

de industrias alimentarias e na de hostalería na especialización de servizos, pero sendo en horario de tarde onde habería talleres libres.

Atendendo ás tendencias nas ocupacións dos nosos sectores profesionais e a proxección crecente no mercado de empresas da nosa contorna, como Hljos de Rivera, cabería estudar a posibilidade de ampliar a oferta formativa a través de cursos de especialización na familia de Industrias Alimentarias e Hostalería e Turismo con cursos relacionados coas bebidas artesanais fermentadas. Este formacións podería ter dúas vertentes: por un lado a da propia elaboración de bebidas artesanais, e por outro o de beer sommelier e a especialización en cultura cervexeira.

5.2. **Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras**

Accións formativas para desempregados

Cada curso os departamentos da familias profesionais do centro elaboran un informe no que se recollen as propostas de accións formativas para desempregados, tendo en conta a dispoñibilidade de espazo e de profesorado, así como a información recompilada dende o departamento de Información e Orientación Profesional, a través da bolsa de emprego, e do departamento de Relacións coas Empresas.

Así, dende hai anos e de forma continuada, vense ofertando cursos AFD de cualificación 1, na familia de Hostalería e Turismo e na de Industrias Alimentarias e que se viu incrementada nos últimos cursos con formacións de nivel 2:

- HOTR0108 Operacións básicas de cociña
- HOTR0109 Operacións básicas de pastelería
- HOTR0208 Operacións básicas de restaurante e bar
- HOTR0508 Servizos de bar e cafetería
- INAF0108 Panadaría e bolaría

Outros cursos de nivel 2, como o de Servizos de Restaurante, ou os de nivel 3 como o de sumillería, son pedidos habitualmente dende o centro pero non concedidos pola autoridade competente.

Unha vez valoradas as tendencias do mercado, á hora de ampliar a oferta de cursos, habería que retomar a petición do INAI018 Carnicería e elaboración de produtos cárnicos, dado a tendencia positiva deste tipo de ocupacións, e unha acción formativa en operacións básicas de pisos en aloxamentos na vez da FP Básica nese ciclo.

Acreditación de competencias

Como vimos no punto un deste plan, a demanda por parte das empresas de traballadores que teñan recoñecida a súa cualificación profesional, ben sexa a través de titulación, ben sexa a través do sistema de acreditación, fai que cada vez sexan máis as persoas interesadas neste procedemento.

Ante o cambio de normativa, que establece un procedemento de acreditación aberto todo ano, faise necesario establecer un protocolo tanto de atención de solicitudes, como á hora de facilitar información sobre o proceso. No primeiro caso, a persoa responsable do departamento de probas deberá revisar, de forma mensual, todas as solicitudes novas, derivándoas ás comisións pertinentes e facendo un seguimento das xa admitidas.

En canto ao fomento e información do proceso, dende os departamentos de Orientación e Relacións coas empresas, informárase a todo o tecido empresarial co que o centro se relaciona, así como se lles facilitará o asesoramento necesario para iniciar o proceso. Igualmente, empregárase os medios dixitais dos que o centro dispoña para publicitar o proceso.

Bolsa de emprego

Dende o departamento de información e orientación profesional xestiónase a bolsa de emprego, á que teñen acceso o alumnado do centro, estaa aínda estudando ou non. Ata o de agora o procedemento facíase de forma manual, con atención telefónica na maior parte das xestións. Unha das propostas a levar a cabo neste plan irá encamiñada a axilización do proceso mediante medios dixitais que permitan tanto ás empresas coma aos candidatos facer un seguimento máis rápido das ofertas/demandas.

5.3. Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada

Neste aspecto as dinámicas céntranse en recadar información do sector produtivo sobre as necesidades formativas que teñen. Dita información trasládase á Consellería a través da Dinamización da Relación coas Empresas.

Por outra banda, mantense colaboracións con organismos da contorna coruñesa, como a Asociación de Fabricantes de Pan da provincia da Coruña, que organizan cursos e talleres de especialización profesional para o sector solicitando nalgúnhas ocasións o uso das nosas instalacións para os mesmos. Esta dinámica de cooperación facilita a reciclaxe profesional do noso profesorado que teñen así a oportunidade de asistir aos mesmos.

Evidentemente, trátase de colaboracións sen ánimo de lucro. Outro tipo de formacións nas que fose necesario o cobro da formación, deberían ser definidas pola Consellería e aclarado por esta o modo de proceder e súa xestión administrativa por parte dos CIFP.

5.4. Outras

Como queda reflectido no apartado un deste plan, a formación permanente é un dos aspectos claves no sector laboral e profesional. Neste senso, non debe esquecerse aos traballadores do ámbito educativo da necesidade de dita formación continua. Por un lado deben non só reciclarse no eido das súas familias profesionais para adaptarse ás novas necesidades do mercado, senón tamén deben aprender novas dinámicas, metodoloxía e incluso coñecementos acordes cos novos valores imperantes nos sectores profesionais, nomeadamente as soft skills e a alfabetización dixital e ser exemplo ao tempo que o motor para a súa transmisión ao alumnado.

Sendo estes os dous parámetros fundamentais a seguir na programación da formación interna do centro, esta quedará recollida no plan anual de cada curso académico. A nivel directivo, a implantación dun entorno dixital seguro e o afondamento no ensino b-learning serán prioritarios.

Por outra banda, dende o centro fomentárase a participación e publicitárase outras accións formativas que poidan ser de interese para o noso profesorado, ben organizadas polos servizos de

formación da Consellería de Educación, ben por outros organismos cos que o centro colabora (asociacións/colectivos da contorna, Asociación FPempresa, etc.).

O centro pretende erixirse como referencia nas súas familias profesionais, non só de formación inicial, senón tamén desenvolvendo outras actividades que o sitúen dentro do mercado laboral como eixo canalizador e transmisión de novas tendencias e innovacións profesionais. É por iso que se estudará a posibilidade de organizar charlas, congresos, seminarios e microformacións para os profesionais basadas na procura da excelencia.

Por outro lado, e en vistas de poñer en valor o centro e o alumnado que se forma nel, unha das liñas que se pretende desenvolver é o fomento do contacto permanente co alumnado que xa rematou os seus estudos. Trátase de facer un seguimento da súa evolución no eido profesional e poder facilitarlle accións formativas que puidesen ser do seu interese para a reciclaxe/actualización de coñecementos relacionados coas familias profesionais do centro. Pero por outro lado, sería de interese aproveitar tamén a súa bagaxe profesional para transmitir novas experiencias ao alumnado actual, fomentando a participación de ex-alumnos en masterclass ou charlas aos estudantes.

Outros dos puntos clave a desenvolver no eido formativo será o fomento do coñecemento de linguas estranxeiras. Por un lado, trátase dun elemento clave no novo panorama do mercado profesional en tódolos sectores, pero por outro resulta imprescindible no ámbito da hostalería.

6 Programacións das accións formativas existentes no CIFP

As programacións poderanse consultar, para cada curso escolar, na plataforma de programacións, nos documentos do Plan Anual e na aplicación SIFO da Consellería de Traballo.

7 Plan de orientación profesional

O centro conta cun plan de orientación profesional que se xunta como anexo

7.1. Plan de acción tutorial

Preséntase incluído no POP.

8 Proxecto lingüístico do CIFP

Parello aos obxectivos de mellorar a internacionalización do alumnado, o proxecto lingüístico debe recoller a mellora de competencias en linguas estranxeiras do alumnado, nomeadamente inglés por ser a lingua empregada como vehicular nas relacións comerciais.

Por outro lado, a dinamización e fomento do emprego do galego no centro segue a ser unha das prioridades, de forma que axude a alumnado de fóra mellorar a súa capacidade de integración na comunidade galega. Ademais, a mellora da competencia lingüística en galego abre tamén a porta ao

mercado portugués, sendo un dos intereses do centro para os próximos cursos o afianzamento de relacións cun país tan próximo xeograficamente e culturalmente como é Portugal. Neste senso, cabería a posibilidade de solicitar reforzo lingüístico neste idioma ou incluso un ciclo plurilingüe.

9 Plan de autoprotección

O plan de autoprotección do centro será revisado de forma anual, de maneira que podan incluírse nel as modificacións oportunas debidas ás melloras en infraestruturas que pretenden realizarse.

10 Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso)

Non procede

11 Disponibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIEFP

Existen diversas zonas no centro nas que durante o proxecto funcional anterior se realizaron adaptacións de mellora e accesibilidade, pero que en moitos casos resulta insuficientes.

- Sala de eventos: no que foi o antigo ximnasio cando o centro era un IES habilitouse un espazo polivalente, con capacidade para 70 persoas sentadas conforme os parámetros do protocolo de adaptación ao COVID, e que se usa como sala de claustros e para a realización de actividades complementarias e exames (por exemplo da modalidade a distancia).

Sen embargo, trátase dun espazo demasiado alto e alongado, que resulta frío, pouco operativo e non facilita a acústica (aínda que se teñen realizado algún traballo de acondicionamento neste senso), e que carece de elementos/moblaxes modulares que faciliten o seu uso.

- Aulas técnicas e talleres para impartir os módulos profesionais: nos últimos anos fóronse facendo pequenas obras de reacondicionamento nas aulas taller, pero aínda así algunhas necesitan de intervencións que fagan os espazos máis habitables e conforme aos parámetros actuais do mercado sobre como deberían ser estas instalacións. Por exemplo, puntos de luz insuficiente en varias áreas do taller de cociña, necesidade de melloras e moblaxe nas aulas taller de industrias alimentarias, proposta dunha área de refrixeración na zona de cociña e da zona de economato que permita a integración dos procesos de aprovisionamento e marcha cara adiante na produción, cambio do montacargas, modernización da aula de cafetería... Neste último caso, os novos hábitos de consumo están orientándose ao servizo en espazos exteriores, que minimicen a posibilidade de contaxios pero tamén o desfrute da natureza e aire libre. A situación desta aula no centro, no primeiro andar, e o propio deseño do edificio, farían factible a construción dunha pequena extensión sobre o xardín na que poder instalar unha terraza que complemente a aula taller de servizos.

Por outro lado, as aulas taller actuais resultan xustas para acoller a actual oferta de ciclos do Paseo das Pontes, e supoñen xa un problema á hora de coordinar o ensino de formación profesional inicial con outras accións de formación para o emprego. Ademais, limita enormemente a posibilidade de ampliar a oferta, non xa de novos ciclos, senón tamén dos xa existentes baixo outras modalidades (por exemplo, Duais que precisen usar talleres de cociña).



Tamén é unha constante as reivindicacións de espazos por parte do departamento de téxtil. Esta situación agravouse coa aplicación dos protocolos de adaptación ao COVID.

- Espazos de almacenamento: existen varias zonas en distintas plantas que non facilitan nin o seu uso nin o control dos elementos almacenados neles. A este respecto espérase traballar nun proxecto que permita unificar as zonas de almacenamento para cada familia e o deseño destas de forma lóxica e coherente cos produtos almacenados. Dito proxecto inclúe o estudo de novas formas de acceso e control aos mesmos, dixitalizado, que permita a trazabilidade dos equipos/productos almacenados e o rexistro dos usuarios de forma automatizada.
- Zonas axardinadas: o centro está rodeado por pequenas zonas verdes axardinadas, nas que xa se foi integrado mobiliario exterior (varios bancos de madeira). Son zonas de recreación que o alumnado emprega sobre todo no recreo e que deberían potenciarse instalando máis mobiliario exterior e habilitando zonas cubertas por mor da nosa climatoloxía.
- Aparcadoiro: este curso vaise poñer en funcionamento un protocolo que permita un uso mais solidario do mesmo e facilite o seu maior aproveitamento, xa que a día de hoxe o número de prazas resulta totalmente insuficiente. Ademais, a carga de vehículos que soporta fan inviable o acceso de servizos de emerxencia, en caso de ser necesarios, ao edificio a través da zona de aparcadoiro. Se a isto unimos que a zona onde se localiza o centro ten unha alta densidade poboacional e non dispón de aparcamentos públicos suficientes, xunto coa tipoloxía de alumnado, cada vez de maior idade e que se despraza dende fóra da cidade en coche, semella necesario proxectar un espazo de estacionamento que dea cabida a toda a comunidade educativa.

A proposta do centro, a desenvolver neste plan funcional, será o estudo de viabilidade dun semisoto, que podería situarse debaixo da pista deportiva. Esta reforma posibilitaría tamén o dispoñer dunha maior zona verde e recreativa para o alumnado no espazo que actualmente ocupan os coches.

- Pista exterior: está en pésimas condicións, de aí que non se empregue.
- Patio interior: O centro dispón dun claustro descuberto situado na parte central da planta baixa e visible dende calquera punto das plantas altas do edificio. Iso convérteo nun espazo moi atractivo para a realización de calquera tipo de eventos/actividades.

Sen embargo, a climatoloxía e os problemas de acústica que podería presentar fan necesario dunha intervención neste espazo, que podería materializarse nunha estrutura acristalada, tipo invernadoiro, que albergase un espazo polivalente dotado con tódolos servizos dixitais e con elementos de moblaxe modular que facilitasen todos os usos, incluído unha cociña demostración móbil.

Por outro lado, o protocolo de adaptación ao COVID obrigou ao emprego como aulas de espazos que nun principio estaban destinados a outro fin. É o caso das aulas de informáticas, estando a día de hoxe operativa como tal só unha delas, e da biblioteca, que foi trasladada a unha aula máis pequena e que ten que ser de uso compartido con grupos de clases.

No caso das aulas de informática, faise necesario a súa conversión nun espazo máis polivalente, con mobiliario que permita os distintos usos, pero que esta dotada con tódolos medios necesarios para o emprego de equipos informáticos (conexións ao subministro eléctrico e telefónico "invisibles", por exemplo). Igualmente, necesitaría dotarse con recursos tecnolóxicos máis avanzados e dispoñer dunha lousa dixital.

Respecto da biblioteca, unha das intencións desta dirección é o seu aproveitamento como un espazo de dinamización da vida do centro, integradora das tres familias profesionais. Precísase recuperar non só o espazo inicial destinado a tal fin, senón acondicionalo de forma que permita a interacción entre o alumnado e cubra as expectativas que se esperan hoxe en día destes espazos (zonas para o traballo colaborativo, zonas de lectura, zonas de investigación dixital...).

Por último, hai que lembrar que o centro foi concibido como un IES e non para o ensino de formación profesional. Isto leva a que no seu deseño se tivese en conta as necesidades de espazo para aulas tipo onde impartir clases teóricas principalmente e non para aulas talleres específicas dunha familia profesional.

A incorporación da oferta de formación profesional ao centro fixo que fose necesario situar as aulas talleres nos espazos dispoñibles, sen que houbera unha planificación e deseño en conxunto adaptada ás necesidades de cada unha das familias. Esta situación agravouse co incremento de ciclos nas distintas familias, o que fixo que os talleres estean espaxados ao longo das distintas plantas e a día de hoxe non haxa espazo dispoñible para incorporar novas aulas-taller ao lado das xa existentes.

Unha das solucións que se propoñen dende a dirección sería o estudo da viabilidade dunha nova nova edificación no espazo onde se sitúa a pista deportiva, onde situar as aulas da familia de téxtil, xa que o traslado destes talleres resultaría menos custoso que os de hostalería. Con isto tamén se conseguiría unha maior dispoñibilidade de espazos para a familia de hostalería no primeiro andar, que agora comparte coa de téxtil.

Tamén sería de interese reubicar os despachos de xestión e administración na planta baixa, nun espazo que permitise a visibilidade entre eles, conectando así áreas de conserxaría, secretaría e equipo directivo e facendo máis doado as tarefas de cooperación entre elas. Por outro lado, a situación ao lado da entrada principal tamén faría máis presente o traballo destas áreas dentro da comunidade educativa.

12 Dereitos e deberes do alumnado

Estes poden consultarse no NOF do centro que se adxunta este Plan Funcional. Non se contemplan cambios respecto ao xa recollido no anterior proxecto funcional.

13 Outros proxectos ou plans que o CIEFP pretende desenvolver

Aínda que xa estarían incluídos dentro dos obxectivos descritos no punto dous, queremos destacar varias liñas de actuación que poderían ter consideración de proxectos con entidade propia por si soas:

- **A creación de recursos didácticos para o ciclo modular de Vestiario a medida e de espectáculos**

Trátase un ciclo de recente implantación, do que non aínda non hai currículo a nivel galego e do que apenas hai materias desenvoltoas, contidos ou recursos didácticos que axuden ao profesorado no desenvolvemento dos módulos de dito ciclo na aula. Isto supón unha falta de homoxeneización na proposta do módulo que pode repercutir na calidade percibida polo alumnado, pero tamén unha

carga de traballo excesiva para o profesorado que asuma dita docencia que derive na súa desmotivación.

É por iso que dende a dirección se propón ao departamento de téxtil o xerar estes materiais a través dun grupo de traballo inicial e que podan ser despois consensuados polo resto do departamento en canto á súa pertinencia e adecuación.

O produto resultante incluíría non só o desenvolvemento de contidos, senón tamén propostas metodolóxicas para levar a aula, fichas técnicas, etc. en dúas vertentes: a publicación impresa dos materiais e a versión adaptada ao ensino virtual.

A finalidade última non é só o facilitar o labor do docente que teña que impartir estes módulos proporcionándolle materiais que a día de hoxe case non hai, senón fomentar o traballo colaborativo nun departamento pouco cohesionado.

A publicación dos materias sería a forma de recoñecer a aportación individual de cada un na construción de aprendizaxes colectivas, aínda que iso non supoña unha remuneración económica; e axudaría a fomentar a cooperación en futuros proxectos ao percibir o docente un beneficio directo en forma de recoñecemento.

- **Axenda 2030 e obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)**

- 12. Fomento da produción e consumo responsable**

Ao longo destes catro anos do proxecto funcional, tentarase analizar os procesos que se seguen nas aulas taller das distintas familias profesionais e os consumos que se xeran. Búscase con isto fomentar o consumo responsable, sobre todo na produción, e determinar protocolos de aproveitamento dos recursos empregados pero tamén dos produtos unha vez elaborados, dotándoos ben dunha segunda vida cando non sexan consumidos, ben reciclando os residuos xerados.

- 2. Fame cero**

O aproveitamento de recursos/productos nas aulas de cociña permitirannos, ademais, traballar dende as aulas valores como a responsabilidade social e a solidariedade, fomentando colaboracións que permitan poñer ditos recursos a disposición de colectivos desfavorecidos da contorna servizos e lles axuden a mellorar a súa situación. Deste xeito tamén se pon en valor a formación profesional como un axente de cohesión social.

Outra das prioridades será atender as posibles necesidades que poda ter a propia comunidade educativa, xa que durante a pandemia de COVID 19 detectouse entre o alumnado persoas que non tiña cubertas as súas necesidades máis básicas.

- **Proxecto PASEOLIDARIOS**

Trátase dun proxecto posto en marcha este curso e que consideramos debería ter continuidade no período que inclúe este proxecto funcional xa que ademais de ser unha ferramenta integradora das familias profesionais, permiten traballar a maioría das *Soft Skills* que demanda o mercado.

Os dous conceptos básicos dos que se parte son a economía circular e a solidariedade. Así, por un lado, é un proxecto relacionado cos ODS nomeados no parágrafo anterior, xa que a través do mesmo se xestionará parte dos excedentes e residuos producidos nas aulas de cociña a través de

convenios de colaboración con entidades coruñesas como poden ser Casco, Boa noite e Mulleres Colleiteras. Pero por outro, o proxecto non só xira ao redor da familia de hostalería, senón que se estende á participación das outras familias profesionais do centro a través, por exemplo, da reciclaxe de produtos téxtiles ou elaborando pezas novas con materias reciclados que podan supoñer unha mellora na calidade de vida dos colectivos beneficiados.

Un dos valores máis salientables do proxecto é o fomento da cultura emprendedora entre o alumnado, xa que son eles os que idean as formas de aproveitamento dos recursos que nalgún caso ben podería derivar en novas ideas de negocio.

Tamén cabe sinalar a importancia do proxecto como nexo integrador do alumnado da FP básica dentro da vida do centro, asumindo este non só parte da "producción", senón tamén incluso elementos do deseño do proxecto como o logotipo e participando activamente na proposta de novas ideas.

A continuación recóllense os obxectivos do proxecto:

- Xeración por parte do alumnado de actitudes e valores solidarios a partir da economía circular.
- Incorporar á práctica educativa a realidade social máis próxima e as súas necesidades.
- Resolver urxencias alimentarias do contorno.
- Dignificación dos sectores da hostalaría, industrias alimentarias e téxtil como axentes de axuda social.
- Aprendizaxe activo por proxectos.
- Implicación maioritaria da comunidade educativa: traballo en equipo interdisciplinar
- Motivación do alumnado, especialmente aquel con dificultades de aprendizaxe e con risco de abandono temperán, a través da valorización e visibilización do seu traballo.
- Asunción de valores inherentes á cultura emprendedora: responsabilidade, creatividade...
- Reciclar e reutilizar os recursos.
- Coidar o medio ambiente

• **Vivir a diversidade**

Trátase dun proxecto desenvolto xa no anterior plan funcional a través da coordinación de convivencia para poñer en valor aspectos transversais como a tolerancia, a solidariedade e a inclusión social co apoio de organizacións de carácter social da contorna. A diferenza de Paseolidarios, neste caso trátase de fomentar a empatía cara persoas con diversidade funcional ao tempo que se dota ao alumnado de recursos dende unha perspectiva principalmente profesional e relacionada co desempeño no posto de traballo.

Así, convídase a distintos colectivos a acudir ao centro, que lles trasladan ao alumnado á súa realidade diaria, ao tempo que se lles instrúe en como atender a estes colectivos dende unha perspectiva profesional.

Na visita programada ao centro, os invitados "viven" un día no Paseo das Pontes da man do noso alumnado, que lles ensina o que aprenden a facer nas distintas familias profesionais. Pero a experiencia é bidireccional, e tamén permite aos nosos estudantes coñecer máis de cerca como

sería vivir con diversidade funcional ao propoñérselle realizar actividades nas que se lles dota de elementos que os privan dalgún dos sentidos e os sitúa máis preto desa realidade.

- **O ensino técnico-profesional en modalidade b-learnig**

Outra das liñas de traballo claves para o centro vai ser a súa adaptación aos novos contextos dixitais. Aínda que as actuacións a levar a cabo quedarán reflectidas no Plan Dixital do centro, insístese na necesidade de cambio de paradigma, creando unha verdadeira cultura dixital entre a comunidade educativa que permita traballar de forma áxil e coordinada en contorna virtuais, con contidos axeitados aos novos formatos e as características do alumnado e do mercado; e non supoñan o simple traslado a unha plataforma/APP dos contidos xa existentes.

Se a transición en si xa supón un reto en calquera eido, no ensino de formación profesional, cun forte carácter práctico e manual, éo aínda máis.

- **Os procesos de calidade levados á práctica diaria nas aulas taller**

Calquera empresa hoxe en día que aspire a medrar e estabilizarse no mercado ten que establecer uns parámetros de calidade que lles permita controlar e homoxeneizar todos os seus procesos. Isto que xa aplicamos a nivel xestión nos CIFP, debe levarse tamén ao quefacer diario nas aulas taller. Máis necesario se cabe no sector da Industria Alimentaria, onde ademais hai unha normativa que se esixe á hora de manipular alimentos. Este punto é en ocasións motivo de conflito entre aqueles que din que nas aulas ensinamos, e polo tanto non teríamos que aplicar certos procedementos ao non ser a produción un fin directo. Sen embargo, na formación profesional este argumento entendemos que se queda obsoleto en canto o que ensinamos debe ter valor e significación para o sector profesional, e se neste existe a obriga de proceder baixo uns parámetros de terminados, é lóxico pensar que estes deben integrarse, transmitirse e exemplificarse tamén nas aulas.

É por iso que un dos proxectos que a dirección pretende levar a cabo é un estudo de APPCC que permita implantar os estándares de calidade axeitados nas aulas taller de hostalería e industrias alimentarias, e ao mesmo tempo, a creación de contidos e recursos didácticos de forma que non só se proceda á súa aplicación práctica, senón tamén se integre o seu ensino directo na aula.

Nesta mesma liña, e como parte do proxecto, inclúese a inscrición do centro en REGASA e a correcta etiquetaxe de calquera produto que se elabore nas nosas instalacións e non vaia ser consumido de forma inmediata ou incluso no mesmo. Isto permitiranos indagar co alumnado novas formas de servizo e explorar outros modelos de negocio en auge no mercado actual como é de comidas para levar.